



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA DOUS DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO (33/2024)

Na Casa do Concello de Monfero, ás trece horas e vinte e catro minutos do día dous de outubro de dous mil vinte e catro, en segunda convocatoria, baixo a Presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade D. Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnense os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para ese día ás doce horas.

Actúa como Secretario o que o é da Corporación, D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

1. Aprobación da acta da sesión do día 25 de setembro de 2024
2. Aprobación da relación de facturas núm. 056XRRSEad/2024
3. Aprobación da relación de facturas núm. 057XRRSE/2024
4. Denegación aprobación facturas
6. Aprobación de certificacións de obras
7. Xustificación de subvención nominativa
8. Expediente de contratación das obras incluídas no POS+ Adicional 2/2024 1ª fase
9. Concesión de axuda ao fomento da natalidade

### 1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 25 DE SETEMBRO DE 2024

O Sr. Alcalde preguntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou con anterioridade á convocatoria desta sesión no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde, ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión do día 25 de setembro de 2024 se considera aprobada sen ningunha obxección.

### 2. APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 056XRRSEAD/2024

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre as facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido, sobre o seu informe de intervención e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico relacionado con este punto:

#### “PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as facturas incluídas na relación delas n.º 056XRRSE/2024, así como o informe de Intervención que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, e considerando que consta acreditado que os servizos aos que se refire están realizados e por encargo e en beneficio do Concello, a quen lle corresponde atender os gastos correspondentes

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

para poder prestar os servizos esenciais á veciñanza, que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facer fronte a obriga de pagamento nin se poden paralizar os servizos polas dificultades na aplicación da normativa, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Informar que os contratos aos que se refire este expediente son necesario para poder prestar á veciñanza os servizos de competencia municipal del derivados e que, polo tanto, o xustifican de maneira motivada, e que non se está alterando o seu obxecto coa fin de evitar a aplicación dos límites para consideralo como menor aos que se refire a normativa vixente de aplicación.

SEGUNDO.- Continuar coa tramitación do procedemento e recoñecer e liquidar as obrigas deste Concello correspondente aos gastos que constan no devandito expediente e que se integra na relación de facturas que se se reflicte deseguido, entendendo con isto levantado o reparo formulado pola Secretaría-intervención polas razóns de interese público expostas:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	56XRRSE/2024 CON AD
Importe total	12.823,25€
Número de facturas e gastos que contén	2
Número do Rexistro da primeira factura	F/2024/1958
Número do Rexistro da factura da última	F/2024/1959

TERCEIRO.- Imputar o gasto correspondente á aplicación orzamentaria que nela se indica.

O Alcalde en funcións  
Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

### 3. APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 057XRRSE/2024

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre a factura a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido, sobre o seu informe de intervención e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico relacionado con este punto:

#### “PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar a factura incluída na relación delas n.º 057XRRSE/2024, así como o informe de Intervención que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, e considerando que consta acreditado que os servizos aos que se refire están realizados e por encargo e en beneficio do Concello, a quen lle corresponde atender os gastos correspondentes para poder prestar os servizos esenciais á veciñanza, que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facer fronte a obriga de pagamento nin se

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

poden paralizar os servizos polas dificultades na aplicación da normativa, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Informar que os contratos aos que se refire este expediente son necesario para poder prestar á veciñanza os servizos de competencia municipal del derivados e que, polo tanto, o xustifican de maneira motivada, e que non se está alterando o seu obxecto coa fin de evitar a aplicación dos límites para consideralo como menor aos que se refire a normativa vixente de aplicación.

SEGUNDO.- Continuar coa tramitación do procedemento e recoñecer e liquidar as obrigas deste Concello correspondente aos gastos que constan no devandito expediente e que se integra na relación de facturas que se se reflicte deseguido, entendendo con isto levantado o reparo formulado pola Secretaría-intervención polas razóns de interese público expostas:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	057XRRSE/2024
Importe total	12.953,16€
Número de facturas e gastos que contén	1
Número do Rexistro Facturas da factura	F/2024/1975

TERCEIRO.- Imputar o gasto correspondente á aplicación orzamentaria que nela se indica.

O Alcalde en funcións  
Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

#### 4. DENEGACIÓN APROBACIÓN FACTURAS

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre as facturas ás que se refire este expediente, sobre os informes do responsable do contrato e sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

A empresa EXTERNA SERVICIOS GENERALES DE EMPRESA, S.L., adxudicataria do servizo de limpeza de edificios e instalacións do Concello de Monfero, presentou as facturas que se atopan pendentes de aprobación con números de rexistro de entrada F/2024/1664 e F/2024/1795.

O Técnico Deportivo do Concello de Monfero, responsable municipal do contrato de servizos de limpeza de edificios e instalacións do Concello de Monfero, informou que tras a revisión das ditas facturas detecta que durante o período ao que se refiren, o contrato NON SE EXECUTOU de conformidade cos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas reguladores desta contratación, polo que informa desfavorablemente a súa aprobación debido a que detecta os seguintes incumprimentos a data 31/08/2024:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

- Non se limparon os teitos das casetas da piscina
- Non se limparon os cristais interiores e exteriores das casetas da piscina
- Non se fixo o barrido e fregado con máquina a presión do aparcadoiro centro saúde
- Non se limparon as cortinas verticais que protexen as paredes da pista do polideportivo.
- Non se achegaron as fichas técnicas dos produtos de limpeza utilizados nas diferentes instalacións.

Tendo en conta o exposto e en harmonía co informado polo técnico responsable do contrato, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo

Denegar a aprobación das seguintes facturas da empresa EXTERNA SERVICIOS GENERALES DE EMPRESA, S.L., adxudataria do servizo de limpeza de edificios e instalacións do Concello de Monfero e a solicitude de pagamento que supón:

Núm. Rexistro entrada	Núm. Factura	Data	IMPORTE	Concepto
F/2024/1664	C 2024 503	31/07/2024	2.136,18€	Servizos de limpeza correspondentes ao mes de xullo de 2024
F/2024/1795	C 2024 536	31/08/2024	2.136,18€	Servizos de limpeza correspondentes ao mes de agosto de 2024

O Alcalde en funcións  
Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

### 6. APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓNS DE OBRAS

**6.1.-** O Sr. Secretario-interventor dá conta das certificacións de obra, do resto da documentación do expediente e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico, e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓNS DA OBRA MELLORA DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE SAN FIZ E ALTO XESTOSO (POS+ 2023)

Nº Expediente: 2023/C003/000001

Logo de ver as certificacións presentadas pola empresa adxudataria da obra contida no proxecto nomeado, MELLORA DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE SAN FIZ E ALTO XESTOSO, o

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

informe favorable de fiscalización do gasto da Intervención e o resto da documentación do expediente, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1. Aprobar a certificación número oito e última presentada polo contratista, Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L., correspondente ao proxecto nomeado, MELLORA DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE SAN FIZ E ALTO XESTOSO, por importe de 65.157,71€ (Ive incluído ao 21%) e a súa documentación anexa (relación valorada, fotografías, declaración responsable, factura e acta de recepción).
2. Aprobar a certificación final da citada obra, expedida por Antonio López Rodríguez, arquitecto director das obras, por importe de 0.00€, e a acta de medición final.
3. Aboárllela ao contratista, Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L., e remítalas á Deputación Provincial, a través da plataforma SUBTEL, para o trámite correspondente.

O alcalde en funcións  
Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

**6.2.-** O Sr. Secretario-interventor dá conta da certificación de obra, do resto da documentación do expediente e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico, e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a certificación segunda presentada pola empresa adxudicataria da obra contida no proxecto nomeado, ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN ALTO XESTOSO (de Graña a Portomuros e de Portomuros a Muros), e o resto da documentación do expediente 2024/C003/000002, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Aprobar a certificación segunda da obra, ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN ALTO XESTOSO (de Graña a Portomuros e de Portomuros a Muros), expedida por D. Antonio López Rodríguez, Arquitecto, Director das Obras, e executada polo contratista, Construcciones Leonardo Miguélez, S.L., correspondente ás obras da anualidade 2024, de data 27/09/2024, por importe total de 2.641,43€, e a súa documentación anexa (relación valorada e factura).

Aboárllela ao contratista, e remítala á Xunta de Galicia, a través da sede electrónica, para o trámite correspondente

O Alcalde en funcións  
Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

### 7. XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA

O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico:

#### “PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2024, prorrogado do ano 2023, para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do mencionado orzamento, informe de Intervención que consta asinado dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle á Xunta de goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

ENTIDADE	SOLICITANTE	OBXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
FÚTBOL CLUB MONFERO	M.M.G.	Actividade Club	4.500,00 €

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións,

O Alcalde en funcións  
Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

### 8. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS INCLUÍDAS NO POS+ ADICIONAL 2/2024 1ª FASE

O Sr. Secretario-interventor informa á Xunta de Goberno Local de que xa se recibiu no Concello a Circular para a contratación do POS+ Adicional 2/2024, 1ª fase, dos pregos, informes e demais documentación do expediente e da proposta da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que consta asinada dixitalmente no expediente electrónico e que se transcribe textualmente a continuación:

#### “PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA INCLUÍDA NO PROXECTO MODIFICADO MELLORA CAPA RODADURA CAMIÑOS PARROQUIAS DE QUEIXEIRO, VILACHÁ, TABOADA E SANTA XIÁ (POS+ Adicional 2a/2024)

Este Concello ten a necesidade de realizar as obras que se indican, financiadas polo Plan POS+ ADICIONAL 2/2024, segundo a circular da Deputación Provincial de xuño de 2024 e a circular sobre a aprobación da 1ª fase do 23 de setembro de 2024, acordos anteriores dos órganos de goberno do Concello, informe de fiscalización da fase A de autorización do gasto, demais informes, proxecto técnico, acta de reformulo e restante documentación deste expediente 2024/C003/000004, e, tras considerar, á vista das características do contrato, que o procedemento aberto simplificado, co prezo máis baixo como único criterio de adxudicación, é o máis adecuado para efectuar a selección do contratista da forma máis acertada e vantaxosa na procura da mellor relación calidade-prezo e non tratarse de ningún dos contratos aos que se refire o art. 145.3. da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público (en adiante LCSP); propóñolle á Xunta de Goberno local a adopción dos seguintes acordos:

1.- Aceptar expresamente a delegación efectuada pola Deputación Provincial da Coruña para a contratación e execución destas obras.

2.- Xustificar a necesidade de realizar a obra definida no proxecto nomeado, MODIFICADO PROXECTO DE MELLORA CAPA RODADURA CAMIÑOS PARROQUIAS DE QUEIXEIRO, VILACHÁ, TABOADA E SANTA XIÁ, aprobado polo Pleno da Corporación, na sesión realizada o 24 de abril de 2024, para dotar á veciñanza e demais usuarios das melloras que se describen detalladamente no devandito proxecto técnico, motivándoa polo mal estado no que se encontran as vías afectadas que, de seguir así, farían imposible a súa utilización e a prestación do servizo mínimo obrigatorio correspondente, resultando idóneo o obxecto e contido do proxecto para satisfacela.

3.- Non aplicar a división en lotes polos seguintes motivos e consideracións relativas ás súas circunstancias e ás consecuencias que suporía para o Concello:

– A división en lotes tería un importante custo económico para o concello e implicaría unha maior dedicación do seu persoal técnico e administrativo, pola necesidade de redactar documentos técnicos independentes para cada lote que servisen de base á licitación coa seguridade xurídica necesaria para definir con exactitude o obxecto do contrato.

– Aínda que no proxecto inclúen distintos orzamentos parciais ou partes que poderían ser adxudicadas por lotes, moitas veces existen partidas comúns a todas elas, como son as relativas a seguridade e saúde, a control de calidade, a xestión de residuos, e outros conceptos cuxa aplicación aos distintos lotes esixiría realizar novos cálculos nos novos documentos técnicos para a adxudicación en lotes.

– Incrementaríase o número de expedientes de licitación que o concello tería que realizar, co conseguinte custo de tempo e de recursos persoais e materiais.

– A división en lotes suporía un retraso na adxudicación dos investimentos, e polo tanto na súa execución, pola necesidade de realizar, con carácter previo á licitación, tarefas técnicas e administrativas de división en lotes do proxecto e, como consecuencia, polo incremento do número de expedientes de contratación Concello.



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

4.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e anexos que haberán de rexer a contratación de dita obra mediante procedemento aberto simplificado, que serán os aprobados para a contratación das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, mediante acordo plenario da Deputación Provincial da Coruña do 26 de febreiro de 2021 e publicados no BOP número 46, do 10 de marzo de 2021.

5.- Aprobar o expediente de contratación da devandita obra.

6.- Proceder a súa contratación, utilizando o procedemento aberto, establecido como de utilización ordinaria, xunto co restrinxido, polo artigo 131.2 da LCSP, neste caso simplificado por encontrarse dentro dos límites do artigo 159.1 da dita norma, e cun único criterio de adxudicación, de avaliación automática, relacionado cos costes: o prezo máis baixo.

7.- Dispoñer a apertura do procedemento convocándoo mediante a publicación de anuncio no perfil do contratante do Estado (<https://contrataciondeestado.es>), no que tamén se publicaran íntegros os pregos de cláusulas administrativas particulares, que inclúen o cadro de características do contrato, anexos, memoria xustificativa do contrato, o proxecto técnico e certificación do presente acordo. O prazo de presentación das ofertas polos licitadores será de 20 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no perfil do contratante.

8.- Aprobar o gasto correspondente, autorizándoo con cargo a aplicación orzamentaria 2024.453.2444.61100.

9.- Actuará como mesa de contratación a Mesa de Contratación da Xunta de goberno local do Concello de Monfero.

O Alcalde en funcións  
Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación do Pleno da Corporación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

### 9. CONCESIÓN DE AXUDA AO FOMENTO DA NATALIDADE

O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente, da documentación acreditativa achegada, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa favorable e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido:

#### “PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Unha vez examinada a solicitude presentada no Rexistro de Entrada deste Concello o 26-09-2024, núm. 20240000000814, que figura no expediente2024/A003/000007, e a documentación que se lle achega para xustificar o cumprimento dos requisitos para a concesión das axudas para o fomento da natalidade que establece a ordenanza municipal vixente, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Conceder a axuda que establece a Ordenanza municipal reguladora do fomento da natalidade do Concello de Monfero, aprobada polo Pleno da Corporación o 25 de outubro de 2011 e publicada no BOP núm. 247, correspondente ao día 29 de decembro de 2011, ao nacemento ao que se refire o

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

expediente núm. 2024/A003/000007, por importe de 1.500,00 euros, e proceder ao seu pagamento mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo beneficiario. O nome e apelido do/a nacido/a, que, entre outros datos, non se fai constar neste acordo para respectar o dereito á intimidade e á protección de datos, por considerar que non é estritamente necesario, responde as seguintes iniciais: A.C.P.

En Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións

O Alcalde en funcións,  
Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, con dous votos favorables e a abstención do Sr. Alcalde en funcións, acorda aprobar a proposta.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás trece horas e trinta e oito minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo.

O Alcalde en funcións

O Secretario